

NIGRÁN

"LOST" CHEGA AO AUDITORIO DE NIGRÁN PARA APOIAR A CAMPAÑA "UNHA CURA PARA MAURI"

Redacción 5 Horas Ago 0 3 Mins



Este sábado 18 de outubro ás 18:00 horas, o Auditorio de Nigrán acollerá unha actividade familiar moi especial: o vídeoconto solidario "LOST" da escritora Soledad García.

Unha proposta que combina literatura, audiovisual e solidariedade para sumar forzas a prol do pequeno Mauri, un neno de tres anos de Nigrán que loita cada día contra a enfermidade de Alexander.

Durante o acto, o público poderá gozar do contaconto e da curtametraxe de LOST, unha historia inédita creada pola escritora nigranesa. O relato segue as pegadas dun pequeno ourizo que, tras perderse no bosque, inicia unha viaxe chea de encontros e aprendizaxes que o axudan a descubrir quen é realmente. Un conto que fala da identidade, da empatía e do valor de atopar o propio camiño, pensado para emocionar tanto a peques como a adultos.

A entrada ten un custo simbólico de 5 euros, que se transforma nunha postal solidaria “Unha cura para Mauri”. Con ela, ademais de colaborar coa causa, o público poderá acceder ao evento e levar para casa a curtametraxe do libro, creada expresamente para esta ocasión pola escritora.

Esta proposta intégrase no evento “Coopera no Val”, unha xornada de encontro entre entidades e iniciativas solidarias do Val Miñor, que busca visibilizar proxectos de cooperación e voluntariado na comarca.

Soledad García, conta cunha traxectoria literaria consolidada con máis de trinta obras publicadas —18 individuais e 14 colectivas—, con seis premios literarios acadados este 2025. A súa escrita caracterízase polo compromiso social e pola defensa das causas esquecidas: a protección do medio ambiente, os dereitos da infancia e a xustiza social.

